

ACTUACIÓN EN CASO DE SUFRIR UNHA ALTERACIÓN NO LUGAR OU TEMPO DE TRABALLO.

Acude sempre que sexa posible aos **servicios médico da mutua**. O médico catalogará o dano ou a enfermidade como:

1. Accidente de traballo.
2. Enfermidade profesional.
3. Enfermidade común.

Nos dous primeiros casos, o médico da mutua deberá indicalo no parte de baixa correspondente e proporcionar asistencia médica. Informa ao teu delgado/a de prevención e ao sindicato.

Se o médico da Mutua diagnostica a túa doenza como enfermidade común e a deriva ao médico de cabeceira, reclama que che de por escrito o motivo polo que o fai (recorda que son eles os que teñen que demostrar que a túa doenza non ten carácter laboral). Informa ao teu delegado/a de prevención e ao sindicato para facer as reclamacións e demandas que correspondan.

En caso de que polas circunstancias que sexan, te vexas obrigado a acudir ao médico de cabeceira ou aos servicios de urxencias da Seguridade Social, indícalles que a túa lesión ten orixe laboral para que o fagan constar no seu informe e te remitan á Mutua unha vez recibida a asistencia.



CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA
GABINETE TÉCNICO DE SAÚDE LABORAL



CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA
GABINETE TÉCNICO DE SAÚDE LABORAL

ACCIDENTES DE TRABALLO E ENFERMIDADES PROFESIONAIS

O sistema da Seguridade Social inclúe dentro do seu ámbito de protección non só as chamadas continxencias ou riscos comúns, senón tamén as continxencias ou riscos profesionais (accidentes e enfermidades profesionais).

Encóntrase pois, moi claramente delimitado o concepto de **accidente de traballo**, ao interpretar a **lesión** en sentido amplo, incluíndo non só un **suceso repentino** senón tamén **as enfermidades adquiridas durante o exercicio dunha actividade profesional** e como consecuencia do mesmo.

É fundamental ser consciente da diferenza que existe entre as continxencias comúns e profesionais:

- A percepción de prestacións derivadas de riscos profesionais son superiores ás das continxencias comúns.
- No caso das continxencias profesionais, é posible que se lle impoña ao empresario un recargo nas prestacións por falta de medidas de seguridade.
- En caso de continxencia profesional o empresario asume a totalidade da cotización á Seguridade Social.
- Outras.

Enténdese por **accidente de traballo** toda lesión corporal que o traballador/a sofre con ocasión o por consecuencia do traballo que executa por conta allea, e dun xeito máis amplo e dende unha perspectiva preventiva, enténdese por **danos derivados do traballo** as enfermidades, patoloxías ou lesións sufridas con motivo ou ocasión do traballo. O concepto legal de accidente de traballo refírese tanto ás lesións que se producen no centro de traballo como as producidas no traxecto habitual entre este e o domicilio do traballador/a. Estes últimos son os accidentes chamados "in itinere".

O concepto legal de accidente de traballo esixe a concorrencia dos seguintes requisitos:

- A existencia dunha **lesión corporal**. Por lesión corporal enténdese todo dano ou detrimento corporal causado por unha ferida, golpe ou enfermidade. Poderán ter tamen consideración de accidentes de traballo aquelas enfermidades causadas polo traballo e non incluídas no listado de Enfermidades Profesionais (L.X.S.S.). Asímilase tamén, á lesión corporal as secuelas ou enfermidades **psíquicas ou psicolóxicas**.
- A condición de traballador/a por **conta allea** do suxeito accidentado.
- Unha dobre **relación de causalidade** entre o traballo e a lesión e entre lesión e situación invalidante ou protexida.

PRESUNCIÓNS DE ACCIDENTE DE TRABALLO.

Existe unha abundante casuística derivada de múltiples sentencias á hora de cualificar un accidente como laboral ou non. En todo caso, temos que ter claro que **as lesións ou alteracións sufridas durante o tempo e/ou no lugar de traballo teñen, en principio, cualificación de accidentes de traballo en virtude da presunción (salvo que se probe o contrario).**

Esta presunción é fundamental para o accidentado, pois lle exime da proba da existencia da relación de causalidade entre o traballo e a lesión sufrida. Pola contra, **quen alegue que o accidente ocorrido durante a xornada laboral e/ou no lugar de traballo non ten nada que ver coa actividade laboral desenvolvida, ten que aportar probas evidentes do mesmo.**

RECORDA:

Temos que partir de que calquera alteración física que suframos no lugar ou durante o tempo de traballo, sexa cal sexa a súa natureza, é un accidente de traballo. Son "os outros" os que teñen que demostrar o contrario.

INCAPACIDADE TEMPORAL

ORIXE DA INCAPACIDADE	REQUISITOS	DÍAS	PRESTACIÓNS*	A CARGO DE:	BASE REGULADORA	EXTENSIÓN
Enfermidade común.	180 días cotizados nos últimos 5 anos.	Entre o 4º e 15º Entre o 16º e o 20º A partir do 21º	60% B. R. 60% B. R. 75% B. R.	Empresario Seguridade Social Seguridade Social	Media por continxencias comúns do último mes.	12 meses prorrogables a 18 e ata 30 meses
Accidente non laboral.	Non requisito de cotización	Entre o 4º e 15º Entre o 16º e o 20º A partir do 21º	60% B. R. 60% B. R. 75% B. R.	Empresario Seguridade Social Seguridade Social	Media por continxencias comúns do último mes.	12 meses prorrogables a 18 e ata 30 meses
Accidente de traballo.	Non requisito de cotización.	Dende o día seguinte á baixa.	75% B. R.	Seguridade Social ou Mutua de Accidentes de Traballo	Media de cotización por continxencias profesionais no último mes.	12 meses prorrogables a 18 e ata 30 meses
Enfermidade profesional.	Non requisito de cotización.	Dende o día seguinte á baixa.	75% B. R.	Seguridade Social ou Mutua de Accidentes de Traballo	Media de cotización por continxencias profesionais no último mes.	Revisión de 6 en 6 meses

B.R.: Base Reguladora.

* Poden estar melloradas en convenio